

ACTA N.º 7 DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DE 3 PRAZAS DE ADMINISTRATIVOS C1, PERTENCENTES Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE RIANXO PARA O ANO 2025

Na Casa do Concello de Rianxo, sendo as 9:30 horas do día 29 de xullo de 2026, reúnese o Tribunal cualificador que avaliará o proceso selectivo.

Preside a sesión Eleuterio Pena Lamas, secretario do concello, e asisten como vogais:

Vogal: Patricia Fernández Pérez, Interventora do Concello de Rianxo

Vogal: Carlos Ces Ozores, Informático do Concello de Rianxo

Secretaria: Vanessa Reboredo Fraga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Rianxo

Non asiste: Paloma Caínzos Orduna, Tesoureira do Concello de Rianxo

A sesión suspéndese ás 14:00 horas do día 29 de xullo, e volve a retomarse ás 9:30 horas do día 30 de xullo de 2026.

Primeiro.- Procédese a establecer polo tribunal os criterios de corrección de cada unha das preguntas que conformaron o segundo exercicio, considerando o disposto nas bases, según as cales neste exercicio valorarase a capacidade de análise, a claridade e a concreción do contido da resposta en relación á pregunta formulada.

Segundo.- Procédese á apertura dos sobres que conteñen os exames, que constan identificados unicamente polo código numérico que figura no adhesivo, e dáse lectura a cada unha das preguntas de todos os exames.

Terceiro.- Da corrección de todos os exames, resultan as seguintes puntuacións:

CÓDIGO EXAME	PUNTUACIÓN
577190	21.75
542424	17
060438	18.25
116879	13.5
473076	27.75
554346	15.25
410754	23
138548	15.75
617919	11.5
935765	10.75
877204	15.5
413589	11.25
322423	11.75
886164	15.5

483556	9.25
329355	13.25

Cuarto.- Os aspirantes poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas respecto á corrección do segundo exercizo, no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ó da publicación da presente acta.

Quinto.- Proceder á apertura dos códigos do segundo exercizo o vindeiro mércores, día 5 de agosto, ás 12 horas na Casa do Concello de Rianxo, en acto público.

Sexto.- Fixar a data de realización do terceiro exercicio que terá lugar o día 23 de setembro ás 11:00 horas no Auditorio Municipal de Rianxo.

Cando son as 14:00 do 30 de xullo levántase a sesión.

Rianxo, na data de sinatura dixital,

O presidente, Eleuterio Pena Lamas

A secretaria, Vanessa Reboredo Fraga,